

BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO SEMANAL DE GALICIA

VOL. IV / 1990 / NUM. 2
SEMANA 37 / 1990
(9 - 15 / Setembro)

SEMANAS 5 - 8 / 1990
(28 Xaneiro - 24 febreiro)



CONSELLERÍA
DE SANIDADE



INDICE

REFORMA DO SISTEMA DE DECLARACIÓN DE ENFERMIDADES (e II)

MODOS DE DECLARACIÓN E IMPRESOS

Existen 3 tipos de notificación, seguindo o modelo clásico, que son declaración numérica, individualizada e urxente.

1.—Declaración numérica. Realízase semanalmente considerando que a semana epidemiolóxica comeza ás 0 horas do domingo e termina ás 24 horas do sábado seguinte. Utilízase o modelo oficial e será imprescindible que se complete a última columna (total semanal); as columnas teñen por obxecto facilita-la contabilidade diaria do número de casos. Os partes deberán estar en poder do S. Epidemiolóxica da área correspondente segundo o mapa sanitario vixente nun prazo non superior a 10 días contados desde as 24 horas do sábado en que termina a correspondente semana epidemiolóxica. Caso de non cumprirse este requisito xerárase unha carta ó punto de declaración solicitándoo por parte deste servizo.

2.—Declaración individualizada. Realízase no modelo oficial no que se notificarán as enfermidades suxeitas a declaración individualizada, que aparecen no modelo de declaración numérica sinaladas cun asterisco. No citado impreso farase conta-lo nome e apelidos do enfermo, a súa data de nacemento (non a idade, este dato é moi importante, imprescindible para o acceso ó sistema informático de tratamento destas fichas), enderezo, teléfono, centro de traballo ou estudos e data de inicio dos síntomas. Despois indicárase mediante unha cruz a enfermidade correspondente e, no caso de que sexa unha enfermidade vacinable, investigarase, se é posible, o estado de vacinación do suxeito. Este método de declaración non exclúe a declaración numérica.

3.—Declaración urxente. É un sistema de alerta sanitaria, efectuándose a declaración polo método máis rápido posible (teléfono, etc.) Non excluírá a declaración individualizada nin numérica.

DECRETO QUE REGULA O SISTEMA DE ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 2 de novembro de 1989 pola que se reforma a normativa para a notificación das enfermidades de declaración obrigatoria en Galicia.

O sistema de enfermidades de declaración obrigatoria (EDO) constitúe unha das principais fontes de información en relación coa morbilidade. Debe constituír un eficaz sistema de alarma que permita adoptar-las medidas necesarias de control das enfermidades suxeitas a vixilancia. Así mesmo, o sistema EDO debe servir de apoio para o coñecemento das características epidemiolóxicas da enfermidade e para avalía-lo impacto das medidas de control exercidas sobre as enfermidades obxecto de notificación.

* «Manual de notificación das enfermidades de declaración obrigatoria». Cadernos de Saúde Pública. Serie Informes técnicos, n.º 1.

Para acadar os obxectivos formulados cómpre reformar o actual sistema, regulado pola Orde do 14 de febreiro de 1983, publicada no D.O.G. do día 24 seguinte, de xeito que garanta a mellora da calidade da información xerada, a posibilidade de avaliar a cobertura e a adecuación á actual estrutura sanitaria galega.

En consecuencia, e en uso das facultades establecidas no artigo 33.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia e no 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, dispoño:

Primeiro.—As enfermidades de declaración obrigatoria en Galicia son as que se relacionan no anexo I.

Segundo.—Tódolos médicos con exercicio profesional en Galicia están obrigados a declarar as doenzas relacionadas no anexo I con subsección á normativa que se dispón nesta Orde.

Terceiro.—Establécense tres formas de notificación das enfermidades de declaración obrigatoria:

A. Numérica.

B. Individualizada.

C. Urxente.

A. Notificación numérica.—Realizarase semanalmente considerando o período de notificación o comprendido entre as 0 horas do domingo e as 24 horas do sábado. Declararanse deste xeito tódalas enfermidades relacionadas co anexo I.

B. Notificación individualizada.—Será realizada polo médico que asista por primeira vez ó enfermo. A notificación individualizada non exclúe a numérica e realizarase nos mesmos prazos ca esta. As enfermidades de declaración individualizada son as que se especifican no anexo 2. Neste tipo de notificación é imprescindible sinalar o nome, apelidos e data de nacemento do enfermo.

C. Notificación urxente.—Establécense como enfermidades de notificación urxente as relacionadas no anexo 3. Igualmente será considerado de notificación urxente calquera abrocho epidémico de etiología coñecida ou descoñecida (sospeitada ou ignorada), así como calquera circunstancia potencialmente capaz de alterar a saúde colectiva.

A notificación farase de contado polo medio máis rápido posible (comunicación persoal, telexráfica ou telefónica). Excepcionalmente, se as circunstancias o requiren, pódese notificar directamente ós servizos centrais do Servicio Galego de Saúde.

Nos tres tipos de notificación esta será efectuada polo médico que asista por primeira vez ó enfermo diante da simple sospeita e sen agarda-la confirmación diagnóstica.

No caso das enfermidades de notificación individualizada os facultativos declararanse aínda que o enfermo sexa remitido por outro profesional ou centro sanitario. As posibles duplicidades controlaranse polo sistema de rexistro.

Cuarto.—Establécense como unidade declarante cada posto de traballo cunha cota de poboación ó seu cargo. A cada unha das unidades declarantes facilitaráselle os correspondentes impresos así como un manual de procedemento.

Quinto.—O facultativo exercente en cada unidade declarante remitirá semanalmente á cabeceira de área o parte de notificación numérica e os de individualizada que correspondan. Estas notificacións, das que gardarán copia, deberán ser depositadas en Correos antes do mércores seguinte á semana á que se refiren os datos.

ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA SEMANA 37, DO 9/9/1990 Ó 15/9/1990

ENFERMIDADE	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
FEBRE TIFOIDEA E PARATIFOIDEA	2	12	1	14	1	43	0	66	4	560
TOXIINFECCIÓN ALIMENTARIA	2	274	3	256	6	185	10	229	21	944
D. BACILAR (SHIXELOSE)	0	24	0	3	2	10	0	40	2	77
OUTROS PROCESOS DIARRÉICOS	613	13.732	190	6.104	582	10.954	669	18.849	2.054	49.639
TUBERCULOSE RESPIRATORIA	1	135	0	57	4	70	5	135	10	397
BRUCELOSE	0	2	0	26	3	58	0	0	3	86
TOSEFERINA	0	56	0	7	1	10	0	15	1	88
ESCARLATINA	0	86	0	36	0	7	0	22	0	151
INFECCIÓN MENINGOCÓCICA	0	19	0	14	0	13	0	11	0	57
VARICELA	11	2.658	8	1.020	26	1.130	14	2.594	59	7.402
SARAMPELO	0	190	0	149	1	239	0	53	1	631
RUBÉOLA	1	726	0	409	0	647	0	475	1	2.257
HEPATITE VÍRICA A	1	238	6	49	2	152	9	330	18	769
HEPATITE VÍRICA B	0	10	0	5	0	10	1	12	1	37
OUTRAS HEPATITES INFECCIOSAS	0	0	0	0	0	2	0	5	0	7
PAROTIDITE	0	397	0	84	0	73	1	781	1	1.335
SÍFILE 1.ª OU 2.ª	0	12	1	8	1	12	1	19	3	51
URETRITE GONOCÓCICA	11	489	3	229	18	496	7	231	39	1.445
INFECCIÓN RESPIRATORIA AGUDA	1.165	66.131	898	45.622	926	44.465	1.317	88.139	4.306	244.357
NEUMONÍA	50	1.580	19	1.438	22	1.189	14	825	105	5.032
GRIPE	213	33.057	80	23.673	273	26.584	328	46.224	894	129.538
FIEBRE REUMÁTICA AGUDA	0	11	3	71	9	118	2	27	14	227

CONCELLO	BRUCELOSE		SHIXELOSE		ESCARLATINA		F. TIFOIDEA E PARATIFOIDEA		URETRITE GONOCÓCICA		GRIPE	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
ALLARIZ	2	7		0		0		2		0		154
AMOEIRO		0		0		0		1		0		65
ARNOIA		0		0		0		0		1		19
AVIÓN		1		0		0		0		2		64
BALTAR		0		0		0		0	1	21	4	105
BANDE		0		0		0		0		0		585
BARBADÁS		0		0		0		0		0	4	155
BARCO DE VALDEORRAS, O		0		0		0		0	1	5	4	1.603
BAÑOS DE MOLGAS		0		0		0		0	1	1	7	116
BEADE		0		0		0		0		1		31
BEARIZ		0		0		0		0		0	6	743
BLANCOS, OS		0		0		0		0	1	2	1	90
BOBORÁS		0		0		0		0		1	3	102
BOLA, A		0		0		0		0		0		0
BOLO, O		0		0		0		0		1		66
CALVOS DE RANDÍN		0		0		0		0		6	6	405
CARBALLEDA		1		1		0		0		20	6	327
CARBALLEDA DE AVIA		0		0		0		0		0	13	778
CARBALLIÑO, O		0		0		0		3	1	4	2	2.273
CARTELLE		0	2	2		0		0		2	3	147
CASTRELO DE MIÑO		0		0		0		0		1		205
CASTRELO DO VAL		0		0		0		0		2	1	158
CASTRO CALDELAS		0		0		0		0		13		639
CELANOVA		0		0		0		2		12	8	368
CENLLE		0		0		0		1		1	12	378
CHANDREXA DE QUEIXA		1		0		0		0		3		149
COLES		0		0		0		0	1	11	1	109
CORTEGADA		1		0		0		0		1	2	85
CUALEDRO		0		0		0		0		1		104
ENTRIMO		0		0		0		0		2		815
ESGOS		1		0		0		0		0		120
GOMESENDE		0		0		0		0		2		60
GUDIÑA, A		2		0		0		0		4		222
IRIXO, O		0		0		0		1		2		189
LAROUCO		0		0		0		0		2		15
LAZA		0		0		0		0		2		136
LEIRO		0		0		0		0		3		36
LOBEIRA		0		0		0		0		4	3	91
LOBIOS		0		0		0		0		13	6	252
MACEDA		2		0		0		0		0	2	259
MANZANEDA		2		0		0		0	1	7	1	365
MASIDE		0		0		0		0		0		65
MELÓN		0		0		0		3		2	2	117
MERCA, A		1		0		0		3		1		171
MEZQUITA, A		5		0		0		0		2		182
MONTEDERRAMO		0		0		0		0		1		87
MONTERREI		1		3		0		3	1	4		260
MUIÑOS		0		0		0		0		68	10	841
NOGUEIRA DE RAMUÍN		1		0		0		0		1		266
OIMBRA		0		0		0		0		8	1	196
OURENSE		8		0		1		7	2	24	29	2.238
PADERNE DE ALLARIZ		0		0		0		0		3	8	326
PADRENDA		1		0		0		0		1		9
PARADA DE SIL		0		0		0		1		2		15
PEREIRO DE AGUIAR		0		0		0		0		0	6	902
PEROXA, A		0		0		0		0		7	1	73
PETÍN		1		0		0		0		2	6	448
PIÑOR		0		0		3		0	2	13		81
POBRA DE TRIVES		1		0		0		0		0		309
PONTEDEVA		0		0		0		0		8		62
POROUEIRA		1		0		0		0		0		37
PUNXÍN		0		0		0		0		0		29
QUINTELA DE LEIRADO		0		0		0		0		0		162
RAIRIZ DE VEIGA		0		0		0		0		8		156
RAMIRÁS		0		0		0		0		6	2	179
RIBADAVIA		0		0		1		0	1	9	15	656
RÍO		0		0		0		0	1	7		90
RÍOS		0		0		0		0		2	1	158
RÚA, A		0		1		0		0		2		362
RUBIÁ		0		0		0		0		0	2	110
SAN AMARO		1		0		0		0		3		65
SAN CIBRAO DAS VIÑAS		0		0		0		0		4		100
SAN CRISTOVO DE CEA		0		0		0		0		4	5	223
SANDIÁS		2		0		0		1		1		113
SARREAUS		0		0		0		0		2	10	134
TABOADELA		0		0		0		1		0	4	186
TEIXEIRA, A		0		0		0		1		0	1	2
TOEN		0		0		0		0		1		49
TRASMIRAS		0		0		0		0		20		506
VEIGA, A		0		0		0		2		1		84
VEREA		0		0		0		1		0		158
VERÍN		1		0		0	1	3		1	4	198
VIANA DO BOLO		1		3		0		0	1	67	61	2.402
VILAMARÍN		0		0		0		0		0		53
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS		0		0		0		0	1	7	2	38
VILAR DE BARRIO		0		0		0		0	1	3		321
VILAR DE SANTOS		2		0		0		0		17		82
VILARDEVÓS		8		0		0		1		6	5	62
VILARIÑO DE CONSO		1		0		0		0		1		48
XINZO DE LIMIA		3		0		2		6	1	18	3	516
XUNQUEIRA DE AMBIA	1	1		0		0		0		0		41
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO		0		0		0		0		6		33
TOTAL	3	58	2	10		7	1	43	18	496	273	26.584

* Os resultados deste cadro son provisionais.

PROVINCIA: OURENSE. SEMANA 37, DO 9/9/1990 Ó 15/9/1990

CONCELLO	SÍFILE 1.ª ou 2.ª		TOSEFERINA		TUBERCULOSE RESPIRATORIA		VARICELA		INFECCIÓN RESPIR. AGUDA (I.R.A.)		TOXIINFECCIÓN ALIMENTARIA		OUTRAS HEPATITES INFECCIOSAS	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
ALLARIZ		0		0		0		32		445		7		0
AMOEIRO		0		0		2		17		27		0		0
ARNOIA		0		0		0		3		10		0		0
AVIÓN		0		0		0		6	8	398		0		0
BALTAR		0		0		0		7	1	37		0		0
BANDE		0		0		0		0	20	738		0		0
BARBADÁS		0		0		0		7	3	269		0		0
BARCO DE VALDEORRAS, O		1		0		0		7	51	2.449		7		2
BAÑOS DE MOLGAS		0		0		0		3	2	95		1		0
BEADE		0		0		0		2		18		1		0
BEARIZ		0		0		0		7	19	1.428		0		0
BLANCOS, OS		0		0		0	1	2		64		0		0
BOBORÁS		0		0		1	2	109	35	1.218		7		0
BOLA, A		0		0		0		0		0		0		0
BOLO, O		0		0		0		0		28		0		0
CALVOS DE RANDÍN		0		0		0		10	31	613		0		0
CARBALLEDA		0		0		0		1	17	722		0		0
CARBALLEDA DE AVIA		0		0		1		0	18	722		0		0
CARBALLIÑO, O		0		0		1	2	26	41	1.875		5		0
CARTELLE		0		0		1	2	11	17	633		8		0
CASTRELO DE MIÑO		0		0		0	1	26	1	315		0		0
CASTRELO DO VAL		0		0		0		0	17	575		0		0
CASTROCALDELAS		0		1		0		0		914		5		0
CELANOVA		0		0		2		4	3	391		1		0
CENLLE		0		0		1	1	6	9	466		0		0
CHANDREXA DE QUEIXA		0		0		0		24	5	184		0		0
COLES		0		0		0		16	3	115		1		0
CORTEGADA		0		0		0		3		48		0		0
CUALEDRO		0		0		3		1	4	227		0		0
TRIMO		0		0		1		42		1.078		1		0
ESGOS		0		0		0		1		82		0		0
GOMESENDE		0		0		0		1		138		0		0
GUDIÑA, A		1		0		0		3		262		0		0
IRIXO, O		0		0		1		3	13	648		0		0
LAROUCO		0		0		0		0	7	186		0		0
LAZA		0		0	1	1		8	5	473		3		0
LEIRO		0		1		0		7		11		1		0
LOBEIRA		0		0		0		5	6	262		0		0
LOBIOS		0		1		0		29	10	33		0		0
MÁCEDA		0		0		0		0	34	169		0		0
MANZANEDA		0		0		0		4	8	145		0		0
MASIDE		0		0		0		1		238		0		0
MELÓN		0		0		0		17		3		1		0
MERCA, A		0		0		0		9	3	239		17		0
MEZQUITA, A		0		0		0		0		156		0		0
MONTEDERRAMO		0		0		0		5	10	248		0		0
MONTERREI		0		0		2		2	9	497		0		0
MUÍÑOS		0		0		0		20	10	502		0		0
NOGUEIRA DE RAMUÍN		1		0		0		6	5	530		10		0
OIMBRA		0		0		2		3	1	172		0		0
OURENSE	1	2		0	1	22	12	224	168	5.712	6	56		0
PADERNE DE ALLARIZ		0		0		0		34	18	642		0		0
PADRENDA		0		0		0		15	15	331		0		0
PARADA DE SIL		0		0		0		2	9	406		0		0
PEREIRO DE AGUIAR		0		0		0	2	30	18	1.069		2		0
PEROXA, A		0		0		0		7		5		0		0
PETÍN		0		0		0		2		29		11		0
NOVOR		0	1	1		0	2	35		192		1		0
OIMBRA DE TRIVES		0		0		1		2	23	593		0		0
PONTEDEVA		0		0		0		14		158		0		0
PORQUEIRA		0		0		0		1		9		0		0
PUNXÍN		0		0		1		0	3	127		0		0
QUINTELA DE LEIRADO		0		0		0		0		611		0		0
RAIRIZ DE VEIGA		3		0		0		64		33		0		0
RAMIRÁS		1		0		0		17		93		0		0
RIBADAVIA		1		0		2		25	19	1.202		2		0
RÍO		0		0		0		7	3	95		0		0
RÍOS		0		0		0	1	4	3	362		0		0
RÚA, A		0		0		0		2	12	464		0		0
RUBIÁ		0		0		0		3		621		0		0
SAN AMARO		0		0		0		3	1	136		0		0
SAN CIBRAO DAS VIÑAS		0		0		10		17	3	128		6		0
SAN CRISTOVO DE CEA		0		0		0		12	8	564		0		0
SANDIÁS		0		0		0		3	2	287		1		0
SARREAU		0		0		0		2	16	245		0		0
TABOADELA		0		0	1	3		15		62		8		0
TEIXEIRA, A		0		0		0		0		16		0		0
TOÉN		0		0		0		2		285		0		0
TRÁSMIRAS		0		0		0		2		89		0		0
VEIGA, A		0		0		0		0		142		0		0
VEREA		0		0	1	1		0		0		0		0
VERÍN		0		0		0		12	42	470		1		0
VIANA DO BOLO		1		0		0		6	4	2.611		3		0
VILAMARÍN		0		0		1		1		252		0		0
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS		0		0		1		0	6	2.095		0		0
VILAR DE BARRIO		0		0		1		5	30	817		2		0
VILAR DE SANTOS		0		0		0		6	6	143		0		0
VILARDEVÓS		1		0		0		4	41	647		3		0
VILARIÑO DE CONSO		0		0		0		1		266		0		0
XINZO DE LIMIA		0		1		3		12	33	657		13		0
XUNQUEIRA DE AMBÍA		0		0		5		28	3	190		0		0
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO		0		5		0		15	14	503		0		0
TOTAL	1	12	1	10	4	70	26	1.130	926	44.465	6	185		2

* Os resultados deste cadro son provisionais.

**ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA
SEMANAS 5-8, DO 28/1/1990 Ó 24/2/1990**

ENFERMIDADE	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
FEBRE TIFOIDEA E PARATIFOIDEA	1	1	2	2	1	1	2	4	6	8
TOXIINFECCIÓN ALIMENTARIA	4	4	5	6	1	1	1	3	11	14
D. BACILAR (SHIXELOSE)	0	0	0	0	0	0	0	10	0	10
OUTROS PROCESOS DIARRÉICOS	777	1.646	461	980	686	1.248	1.680	3.805	3.604	7.679
TUBERCULOSE RESPIRATORIA	31	44	6	14	9	11	23	31	69	100
BRUCELOSE	0	0	1	1	1	4	0	0	2	5
TOSEFERINA	6	12	0	0	1	2	2	3	9	17
ESCARLATINA	6	9	9	9	1	1	1	1	17	20
INFECCIÓN MENINGOCÓCICA	11	13	4	6	2	3	4	5	21	27
VARICELA	176	273	94	112	43	119	207	372	520	876
SARAMPELO	4	6	34	36	5	5	9	25	52	72
RUBÉOLA	13	23	35	40	18	18	5	11	71	92
HEPATITE VÍRICA A	22	58	4	6	22	46	488	95	96	205
HEPATITE VÍRICA B	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
OUTRAS HEPATITES INFECCIOSAS	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
PAROTIDITE	56	140	11	21	5	17	60	72	132	250
SÍFILE 1.ª OU 2.ª	4	5	1	1	0	0	1	2	6	8
URETRITE GONOCÓCICA	53	97	23	48	58	98	16	28	150	271
INFECCIÓN RESPIRATORIA AGUDA	9.671	19.861	6.775	17.151	6.663	16.095	14.676	32.178	37.785	85.285
NEUMONÍA	172	386	246	551	197	427	116	259	731	1.623
GRIPE	6.944	19.325	4.723	18.218	6.049	17.415	12.216	30.190	29.932	85.148
F. RECURRENTE TRANSMITIDA POR CARRACHAS			1	1					1	1
PALUDISMO					1	1			1	1
F. REUMÁTICA AGUDA					1	4	1	2	2	6

Sexto.—O coordinador/a dos equipos de atención primaria (EAP) será responsable do envío, nomeando unha persoa que se encargará da recollida semanal dos impresos cubertos polos facultativos do centro.

Disposición transitoria primeira.—Mentres non se desenvolvan as áreas sanitarias a notificación debe dirixirse á correspondente Delegación da Consellería de Sanidade.

Disposición transitoria segunda.—Naqueles concellos sen implantación do EAP, mentres este non se constitúa e en casos de notificación urxente (anexo 3), os facultativos manterán informado ó xefe local de sanidade.

Disposición derogatoria.—Queda derogada a Orde pola que se establece a normativa para a notificación das enfermidades de declaración obrigatoria, publicada no D.O.G. do 24 de febreiro de 1983.

Disposicións derradeiras

1.ª —Facúltase ó Director Xeral do Servicio Galego de Saúde para dicta-las disposicións necesarias para o cumprimento e desenvolvemento desta Orde.

2.ª —Esta Orde entrará en vigor o primeiro de febreiro de mil novecentos noventa.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 1989.

Pablo Padín Sánchez
Conselleiro de Sanidade

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.—Orde do 7 de novembro de 1989 pola que se reforma a normativa para a notificación das enfermidades de declaración obrigatoria en Galicia.

Advertidos erros no texto da Orde do 7 de novembro de 1989 pola que se reforma a normativa para a notificación das enfermidades de declaración obrigatoria en Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia n.º 241, do 19 de decembro de 1989, a seguir indícase a oportuna rectificación:

Na páxina 6.052, disposición derogatoria, onde di: «Queda derogada a Orde pola que se establece a normativa para a notificación das enfermidades de declaración obrigatoria, publicada no D.O.G. do 24 de febreiro de 1983», debe dicir: «Queda derogada a Orde pola que se establece a normativa para a notificación das enfermidades de declaración obrigatoria, publicada no D.O.G. do 24 de febreiro de 1983 e a Orde do 28 de novembro de 1983, pola que se dispón a inclusión do paludismo, do tifo epidémico transmisible por piollos e da infección meningocócica, na relación de enfermidades de declaración obrigatoria urxente».

Na páxina 6.053, anexo 3, enfermidades de declaración urxente, débese engadir: «Infección meningocócica».